



O PREGUNTÓN DO VENRES

“EN BUSCA DA PALABRA PERDIDA”

Dous estudantes recibiron a misión de atopar unha palabra que reúna tódolos contidos necesarios para solucionar os problemas actuais.

As dúbidas lles asaltan. ¿Existirá unha palabra que reúna estas condicións? ¿Teñen as palabras tanto poder? ¿Unha sola palabra conterá a mensaxe axeitada? ¿Será unha tomadura de pelo dunha profesora que quer divertirse á súa costa?

A curiosidade é un potente motor; seguramente cunha gran dose de curiosidade lograronse os inventos e novidades de tódolos tempos. Eso é precisamente o que senten agora estes dous estudantes, e co documento-guía nas mans dispóñense a desentrañar este itinerario de preguntas e probas. Ó seu carón, unha biblioteca, chea de eses libros que conteñen parte do mundo e que á súa vez os sosteñen.

INSTRUCCIÓNS DE USO

- A Obter unha letra de cada proba.
- Colocalas segundo o orden indicado.

DOCUMENTO-GUÍA

Letra que obterías si uniras cunha liña imaxinaria as capitais dos países seguintes:
Bielorrusia → República Checa → Ucraña → Hungría
.....

Inicial do título dunha das grandes epopeas da antigüidade en Grecia que narra o regreso do heroe grego Ulises da guerra de Troia.

Inicial dunha cidade situada ó noroeste de España na confluencia dos ríos Bernesga e Toria. A súa catedral de estilo gótico peninsular foi construída a mediados do século XIII.

Segunda letra que se repite no nome do gobernante que exerceu entre o 751 e o 768 no territorio da actual Francia. (Esta letra aparece repetida na palabra que estades a buscar)

Inicial da palabra que define o sistema político vixente no século V a.C. en Grecia. (Esta letra aparece tres veces na palabra que estades a buscar)

Vocal que se repite no nome do país no que se atopa Aquisgrán. (Esta letra aparece repetida na palabra que estades a buscar)

Primeira letra que coincide en estes dous nomes:

- Cidade bombardeada o 6 de Agosto de 1945
- Derradeiro rei español pertencente á familia dos Austrias

Inicial do nome do idioma que está baseado nas linguas románicas, nas xermánicas e no latín. (Esta é a derradeira letra da palabra que estades a buscar e aparece repetida)

A PALABRA BUSCADA É

O PREGUNTÓN DO VENRES “EN BUSCA DA PALABRA PERDIDA”

Dous estudantes recibiron a misión de atopar unha palabra que reúna tódolos contidos necesarios para solucionar os problemas actuais.

As dúbidas lles asaltan. ¿Existirá unha palabra que reúna estas condicións? ¿Teñen as palabras tanto poder? ¿Unha sola palabra conterá a mensaxe axeitada? ¿Será unha tomadura de pelo dunha profesora que quer divertirse á súa costa?

A curiosidade é un potente motor; seguramente cunha gran dose de curiosidade lograronse os inventos e novidades de tódolos tempos. Iso é precisamente o que senten agora estes dous estudantes, e co documento-guía nas mans dispóñense a desentrañar este itinerario de preguntas e probas. Ó seu carón, unha biblioteca, chea de eses libros que conteñen parte do mundo e que á súa vez os sosteñen.

INSTRUCCIÓNS DE USO

A Obter unha letra de cada proba.

 Colocalas segundo o orden indicado.

DOCUMENTO-GUÍA

△ Letra que obterías si uniras cunha liña imaxinaria as capitais dos países seguintes:

Bielorrusia → República Checa → Ucraia → Hungría
MINSK PRAGA KIEV BUDAPEST (S)

△ Inicial do título dunha das grandes epopeas da antigüidade en Grecia que narra o regreso do heroe grego Ulises da guerra de Troia. **ODISEA (O)**

△ Inicial dunha cidade situada ó noroeste de España na confluencia dos ríos Bernesga e Tora. A súa catedral de estilo gótico peninsular foi construída a mediados do século XIII. **LEÓN (L)**

△ Segunda letra que se repite no nome do gobernante que exerceu entre o 751 e o 768 no territorio da actual Francia. (Esta letra aparece repetida na palabra que estades a buscar) **PIPINO EL BREVE (I)**

△ Inicial da palabra que define o sistema político vixente no século V a.C. en Grecia. (Esta letra aparece tres veces na palabra que estades a buscar) **DEMOCRACIA (D)**

△ Vocal que se repite no nome do país no que se atopa Aquisgrán. (Esta letra aparece repetida na palabra que estades a buscar) **ALEMAÑA (A)**

△ Primeira letra que coincide en estes dous nomes:

- Cidade bombardeada o 6 de Agosto de 1945 **IROSHIMA (R)**
- Derradeiro rei español pertencente á familia dos Austrias **CARLOS II (R)**

△ Inicial do nome do idioma que está baseado nas linguas románicas, nas xermánicas e no latín. (Esta letra é a derradeira da palabra que estades a buscar) **ESPERANTO (E)**



A PALABRA BUSCADA É:

S	O	L	I	D	A	R	I	E	D	A	D	E
---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---